

Palabras con b

Palabras con bu-, bur-, bus-

Todos os veciños **buscaron** a Trigridia. Era imposible! Cando a nena apareceu, o susto converteuse en alegría e **bulicio**. E Trigridia prometeu que non volvería saír soa. Aquilo non fora cousa de **broma**.

As palabras que comezan polas sílabas **bu-**, **bur-**, **bus-** escríbense con **b**.



1 Completa estas palabras coas sílabas **bu-**, **bur-**, **bus-**:

...caneiro	...la	...to	...taca
...bullas	...xo	...farda	...bela

2 Enche os ocos con palabras do exercicio anterior:

- Queres que xoguemos a facer ... de xabón?
- A ten unha simpática crista de plumas na cabeza.
- Na escavación, atoparon o ... dun emperador romano.
- Esa mesa está feita de madeira de
- Canta luz entra pola ... !
- Morgan foi un famoso ... que asaltou Panamá.



Palabras con br e con bl

Lembra: antes de **r** ou de **l** escríbese sempre **b**.

3 Completa as seguintes palabras con **br** ou **bl**:

le...e	ca...iolas	bi...ioteca	...illo
...incos	ca...e	li...ería	fá...ica
mo...e	ce...a	...usa	ama...e

4 Busca no exercicio anterior as palabras para completar o texto:

O saltón saíu entre as follas e marchou buscar a _____ para facer un concurso de _____. Ela asomou polo seu tobo e díxolle: "Anda, e vai facer _____ cun becho do teu tamaño". O saltón marchou pensando que non dera precisamente co animal máis _____ do bosque.

5 Escribe os meses do ano que conteñen **br**.

6 Fíxate no exemplo e completa coas palabras do recadro:

► O que se pode mellorar é mellorable.

O que se pode contar é ...

O que non se pode ver é ...

O que non se pode crer é ...

O que nos pode agradar é ...

invisible
contable
agradable
increíble